

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 17 DE XANEIRO DE 2013

LICENZAS

OUTRAS OBRAS.-

LIC/1980/2012.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Reforma parcial de fachada na avenida Romero Donallo, número 47.

CORRECCIÓN DE ERRO

LIC/2026/2011.- MANUEL FERÁNDEZ CARBAJALES.- Construcción dunha vivenda unifamiliar na rúa Camiño dos Vilares.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA

LIC/1424/2012.- ARZOBISPADO DE SANTIAGO.-.....LIC/1983/2008.....1.000 euros

LIC/2055/2012.- HOSTAL SAN LORENZO S.L.-LIC/1715/2008.....1.500 euros

4.- Contrato Administrativo Especial para a Conservación e Mantemento do Cemiterio municipal de Santiago de Compostela.

Con data 18 de decembro de 2012 a Empresa Funeraria Tantorio Apóstol presentou un escrito no Concello no que solicitaba que se aclararan unhas dúbidas xurdidas en relación ó prego de condicións técnicas para a prestación do servizo de conservación e mantemento do cemiterio municipal de Boisaca. Froito deste escrito a XGL do 27 de decembro decidiu manter este asunto en suspenso. Unha vez examinado o escrito e visto o informe emitido polo redactor do prego de condicións a XGL acordou, a proposta da concelleira responsable do cemiterio de Boisaca, aprobar o novo prego de condicións técnicas para a prestación do servizo de conservación e mantemento do cemiterio municipal de Boisaca, levantar a suspensión da XGL do 27 de decembro e proceder a publicación, novamente, dos anuncios de licitación.

5.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa a aprobación do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Santiago para o desenvolvemento da formación en centros de traballo.

Á vista do informe emitido pola xefa de sección de Servizos Sociais e a proposta da concelleira de Benestar Social, a XGL aprobou o texto do convenio entre o CEIP Ánxel Casal-Monte Alto e o Concello de Santiago de Compostela.

O obxectivo deste convenio é a colaboración para o desenvolvemento de formación en centros de traballo, dirixido ao alumnado de formación profesional específica. A denominación da ensinanza para a que se solicita a firma do convenio é Integración social.

As practicas terán unha duración de 300 horas e o período de vixencia do convenio será ata o 5 de abril de 2013.

6.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á aprobación do convenio entre a Universidade Nacional de Educación a Distancia e o Concello de Santiago.

O obxectivo deste convenio é establecer un programa de Cooperación Educativa a través do cal os estudantes da UNED, matriculados en ensanzas oficiais de Grado ou equivalentes ou conducentes á obtención dun título de Master Universitario, poidan complementalo coa formación práctica que require o desenvolvemento de actividades profesionais.

7 a 55.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

56.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á resolución do recurso de reposición interposto contra a aprobación definitiva do Proxecto de compensación do SUP-1. Romero Donallo.

A proposta da concelleira de Urbanismo a XGL aprobou rexeitar o recurso presentado contra o acordo da XGL do 7 de xuño de 2012. Sobre os criterios de medición das parcelas xa se lle explicara que os criterios veñen recollidos no artigo 103.3 do Regulamento de Xestión Urbanística, aplicando o mesmo criterio para a medición do conxunto que para as parcelas individuais.

URXENCIAS

1.- Apróbase a prórroga e revisión de prezos do contrato de atención domiciliar e comunitaria á infancia por un ano e cun importe de 50.925,93 euros.

2.- Apróbase un expediente de crédito extraordinario para a realización de gastos de investimento para a execución de obras incluídas no obradoiro de emprego “Santiago Impulsa” por importe de 47.000 euros.

3.- Dáse conta da solicitude de subvención para o programa Social-Mente para o envellecemento activo e saudable por importe de 3.000 euros á Deputación da Coruña.

4.- Dáse conta da solicitude de subvención para o programa de inserción social por importe de 45.000 euros á Deputación da Coruña.

5.- Dáse conta da aprobación da subvención “Versión 2.0” de prevención da drogodependencia por importe de 50.284,29 euros.

6.- Apróbase a conta de liquidación definitiva de Cornes e SUNP-6 de Santa Marta.

7.- Apróbase o documento refundido do proxecto de compensación de Romero Donallo.

8.- Apróbase o cadro de persoal de 2012 para reconvertir 8 prazas de administración xeral en 7 prazas de persoal laboral indefinido.